



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
☎ 605.115.366  
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



## ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN COLOMBOFILO GALEGA CELEBRADA O DÍA 07 DE OUTUBRO DE 2017.

En Santiago de Compostela, sendo as dez horas e sete minutos do día 07 de Outubro de 2017, baixo a presidencia de D. Eliseo Castro López, Presidente desta Federación Colombófila Galega, actuando como secretario D. Manuel Rey San Luis e asistindo os membros da mesma que a continuación se relacionan, iniciase a reunión da Comisión Delegada desta Federación.

### Asistentes:

Estamento de clubes: D. José Ramón González Bosco  
D. Manuel A. Fernández Mallo, (representando a D. Julio Paz Ruiz)  
D. Antonio Camilo Pereiro Francés  
D. Rogelio Nogueira Portas

### Excusan a súa asistencia:

Estamento de Deportistas: D. Oscar Martínez Mañana  
Estamento de xuices: D. Pedro Becerra González

Reúnese a Comisión Delegada de esta Federación co seguinte orde do día:

- 1º.- Lectura e aprobación se procede da Acta da reunión anterior.
- 2º.- Coñecemento do balance económico ao 30-09-17 e proxecto de peche económico ao 31-12-2017
- 3º.- Valorar importe subvención voos 2017 e do curso para promover Xuíces Sociais e autonómicos, no seu caso.
- 4º.- Avance orzamento económico 2018 (ano electoral). (Sistema informático, etc.)
- 5º.- Aprobación si procede das clasificacións campaña deportiva 2017
- 6º.- Calendario deportivo 2018: Proposta axuste datas e puntos de solta ruta norte (Lloret de Mar)
- 7º.- Exposición Nacional -Prevista en Avilés (Asturias) do 11 ao 14 de Xaneiro de 2018
- 8º.- “LI” exposición da pomba mensaxeira da F.C.G. (Organiza o club Pombas do Val Miñor) (data para a celebración da mesma - proposta para o 6-7 Xaneiro/2018)
- 9º.- Fixar data próxima Asemblea Xeral: Proposta para el 11 ó 18 Novembro/2018
- 10º.- Rogos e preguntas.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)

### **1º.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dáse lectura por parte do Sr. Secretario á Acta da sesión anterior sendo aprobada por unanimidade.

### **2º.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 30-09-2017 E PROXECTO DE PECHE ECONÓMICO AO 31-12-2017.-**

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro tanto ao balance económico ao 30-09-17 como ao proxecto de peche económico ao 31-12-2017 presentado ante os membros desta Comisión Delegada, sendo aprobados por unanimidade.

Acordase comunicarlles aos clubs de maneira individual as débedas contraídas ata o de agora e a necesidade de que a fagan efectiva canto antes.

### **3º.- VALORAR IMPORTE SUBVENCIÓN VOOS 2017 E DO CURSO PARA PROMOVER XUICES SOCIAIS E AUTONÓMICOS, NO SU CASO.**

Aprobase nesta reunión a cantidade de 10.885,37.- €(Dez mil Oitocentos Oitenta e cinco euros con trinta e sete céntimos) para a subvención dos voos aos clubs correspondente a esta campaña deportiva 2017.

Exponse por parte do Sr. Presidente que ata a data tan soo hai anotados un total de nove colombófilos interesados en face o curso de xuices, cando unha das premisas da RFCE é que sexan un mínimo de 10 colombófilos.

A continuación e a petición do Sr. Presidente, ábrese unha rolda de opinións entre os membros asistentes sobre o que opinan acerca da subvención da promoción de Xuices Sociais e Autonómicos por parte da Federación Galega, tendo en conta que a RFCE non destina cantidade algunha para dito curso

D. Manuel Mallo: Propón subvencionar o importe do custo do curso (100.- €), e o resto dos gastos correrían a cargo dos colombófilos inscritos ao curso.

D. José Ramón: Propón subvencionar todos os gastos ocasionados con motivo do curso.

D. Camilo Pereiro: Propón promocionar non soamente os cursos de Xuices Sociais e Autonómicos se non tamén promocionar cursos para Xuices



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
☎ 605.115.366  
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Nacionais. Neste momento a necesidade da Federación Galega é promocionar a algún dos xuices rexionais a xuices nacionais, indistintamente de que se promocionen tanto os xuices sociais como rexionais. Propón non realizar o curso para Xuices Sociais e solicitar á RFCE para o ano que ven un curso para Xuices Nacionais, non asistindo a este como medida de presión.

D. Rogelio Nogueira: Propón subvencionar o importe do custo do curso (100.-€) e o resto dos gastos correrían a cargo dos colombófilos inscritos ao curso.

Acordase solicitar á RFCE un curso de Xuices Nacionais e o curso de Xuices Sociais esperar á vindeira reunión da Comisión Deportiva Nacional na que Manuel Mallo é representante para ver o que acordan.

Enviar un mail ao Presidente da Comisión Nacional de Xuices con esta solicitude.

D. Camilo Pereiro presenta un estudo realizado do transporte dos tres derradeiros anos, propondo un prezo fixo de 0,75.- €/Pomba participante sen ter en conta a subvención federativa (aplicando esta quedaría en 0,55.- €) dende o principio da campaña e regularizar o custo real ao final da campaña. Aprobase esta proposta a excepción de D. José R. González Bosco e D. Rogelio Nogueira Porta.

#### 4º.- AVANCE ORZAMENTO ECONÓMICO PARA O ANO 2018 (ANO ELECTORAL). (SISTEMA INFORMÁTICO, ETC.)

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao avance do presuposto económico para o vindeiro ano 2018, sendo aprobado por unanimidade.

O Sr. Presidente pon en coñecemento dos membros asistentes que o vindeiro ano é ano electoral.

Respecto aos programas informáticos para as clasificacións federativas, son presentadas as condicións de dúas referencias de programas informáticos que son a de Mariano Oliveira de Andalucía e o da Empresa Loft Ges 2008 de Portugal, pero debido ao escaso tempo que temos para a implantación de calquera dos dous sistemas informáticos habería que retomar este tema para o ano que ven, e implantar o sistema máis axeitado ao longo dese ano, acordándose nesta reunión seguir co programa actual de Vicente Prats, pagando únicamente o importe ao mantemento do programa federativo na cantidade de 200.- € Plantease esperar ao movemento da RFCE en canto a implantación dun novo programa.



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
☎ 605.115.366  
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



## **5.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS CLASIFICACIÓNS DA CAMPAÑA DEPORTIVA 2017**

Apróbase por unanimidade as clasificacións tanto provinciais como os Campionatos Galegos correspondentes a este ano 2017.

## **6.- CALENDARIO DEPORTIVO 2018: PROPOSTA, AXUSTE DE DATAS E PUNTOS DE SOLTA RUTA NORTE (LLORET DE MAR)**

A petición do Sr. Presidente, ábrese unha rolda de opinións entre os asistentes para mostrar a súa opinión sobre o calendario deportivo para o ano 2018 presentado pola Comisión Deportiva.

D. Camilo Pereiro.- Propón non modificar con respecto ao calendario deste ano as soltas de Alcázar de San Juan e Manzanares onde os porcentaxes de chegada rondan o 80% do total das pombas enviadas. Comenta tamén a proposta feita dende o club Pombas do Morrazo que é estudar non facer soltas de Gran Fondo despois do mes de Xuño.

Comenta que no estudo feito pódese comprobar que hai algúns clubs que diminúen as súas pombas nas soltas de Gran Fondo e que hai un abandono na participación das mesmas, propónse facer unha solta de dobre en cada un dos grandes fondos cunha solta de máis de 500 km. Aproveitando a parado do camiión.

Propón facer coincidir as soltas de Gran Fondo coas de Fondo, pero comentase por parte do resto dos asistentes que non habería participación nas mesmas.

D. Rogelio Nogueira.- Propón non modificar con respecto ao calendario deste ano a solta de Villacastín pola solta de Aranda de Duero do novo calendario (xa que é un punto de solta que hasta a data estase dando ben), non modificar tampouco as soltas de Alcázar de San Juan e Manzanares e facer soamente unha solta dende Zaragoza. Puntualiza que se está funcionando ben un calendario, non se debería andar cambiando cada ano. Propón tamén realizar un estudo pormenorizado da loxística do transporte.

Acordase modificar este plan de voos segundo o establecido anteriormente para ser presentado na vindeira Asemblea Xeral Federativa.

## **7º.- EXPOSICIÓN NACIONAL -PREVISTA EN AVILÉS (ASTURIAS) DO 11 AO 14 DE XANEIRO DE 2018**

Toma a palabra o Sr. Presidente para poñer en coñecemento dos membros asistentes que a RFCE ten previsto realizar a Exposición Nacional en Avilés (Asturias) entre os días 11 ao 14 de Xaneiro do vindeiro ano 2018.



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
☎ 605.115.366  
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



**8º.- “LI” EXPOSICIÓN DA POMBA MENSAXEIRA DA F.C.G. (ORGANIZADA POLO CLUB POMBAS DO VAL MIÑOR); (DATA PARA A CELEBRACIÓN DA MESMA - PROPOSTA PARA O 6-7 XANEIRO/2018)**

Unha vez estudadas as datas posibles para a celebración da Exposición Galega, coincidindo as máis axeitadas para este evento en días do Nadal, acordase nesta reunión os días 16-17 de Nadal para a celebración da “LI” Exposición Galega da Pomba Mensaxeira.

Acórdase así mesmo a tramitación das vacinas con data 15 de Novembro de 2017.

Todos os membros coinciden en que non é a data máis idónea para a celebración da Exposición pero por mor da data de celebración da Exposición Nacional non quedou máis remedio que adiantalas a estes días, así mesmo acordase enviar un escrito dirixido a RFCE demandando que para anos vindeiros se teña en consideración ás Federacións Territoriais á hora de organizar as datas para estes eventos.

**9º.- FIXAR DATA DA PRÓXIMA ASAMBLEA XERAL; (PROPOSTA PARA 11 OU 18 DE NOVEMBRO/2017).**

Acórdase nesta reunión como data para a celebración da reunión da Asemblea Xeral para o día 11 de Novembro de 2017.

**10º.- ROGOS E PREGUNTAS**

- Sr. Camilo Pereiro: propón facer quendas de soltas rotativas como se viñan facendo anteriormente entre as provincias de A Coruña e Pontevedra. Propón dar un día máis de marxen entre o enceste e as soltas de gran fondo para que haxa máis descanso para as pombas.
- Sr. Rogelio Nogueira: propón establecer un protocolo de loxística para o transporte e nas soltas de Gran Fondo enviar un responsable colombófilo xunto co convoyer.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as trece horas e vinte minutos do día da data.

Fdo. Eliseo Castro López  
- Presidente -



Fdo.: Manuel Rey San Luis  
- Secretario -